





FORMACIÓN
PARA O
DESEMPEÑO
EXCEPCIONAL
DA FUNCIÓN DOCENTE



2. O CENTRO EDUCATIVO

Claves para a organización do traballo en equipo



Organizamos o traballo

Cunha visión común e cuns obxectivos claros, podemos comezar a organizarnos. O traballo en equipo require dedicación e compromiso para que o grupo poida desenvolverse de maneira eficiente. É imprescindible permitir que cada integrante contribúa da maneira máis eficiente para el/ela. O recoñecemento das habilidades e limitacións de cada un incrementará as posibilidades de éxito.

Para enriquecer o traballo en equipo, poremos en acción habilidades relacionadas coas [competencias profesionais docentes](#): educador/a e guía; interlocutor/a e referente; membro dunha organización; investigador/a e innovador/a e as competencias instrumentais transversais.

Aínda así, é certo que a coordinación é un dos maiores desafíos nos centros educativos, que ademais se agudiza coa non presenza. Malia que pode haber múltiples posibilidades para artellar esa coordinación, pode resultar útil partir dunha análise que pase polos seguintes pasos:

Limitar o tamaño dos equipos


En xeral, os equipos de máis de 3 integrantes son menos efectivos á hora de alcanzar un consenso sobre os asuntos tratados. Se precisamos un equipo de maior tamaño, podemos considerar a posibilidade de subdividilo en grupos de tres para que logo traian as propostas consensuadas para validación polo resto do equipo.

Planificar conxuntamente

O maior problema dos equipos é que non dedican o tempo suficiente á planificación. Se ben é certo que non sempre se dispón das condicións ideais para facer este proceso con tempo, si sería recomendable que se dedicase un tempo ao comezo de cada trimestre para planificar varios aspectos:

1. Determinar e reiterar os obxectivos do equipo.
2. Comunicar onde está cada integrante do equipo en relación aos obxectivos grupais.
3. Determinar o que se debe facer para alcanzar os obxectivos grupais no futuro.





As reunións regulares co equipo para revisar obstáculos e celebrar éxitos aseguran un mellor ambiente e funcionamento do grupo.

Comunicarse

A boa comunicación fai un bo equipo. Se non existe, non sabemos onde está cada un/unha e non nos podemos adaptar aos cambios que pode ser necesario implementar. Establecer canles de comunicación eficientes e non invasivas é imprescindible, sobre todo en situacións de ensino mixto ou a distancia, de por si máis impersoais.

As institucións supranacionais insisten na importancia de crear **mecanismos de comunicación** entre profesorado e alumnado para realizar un seguimento entre profesorado e familia co fin de comentar os avances e prover axuda ás familias e, finalmente, un sistema de **colaboración** entre o alumnado. Este último serve para que se axuden entre eles e elas e contribúe a que manteñan as interaccións sociais con xente da súa idade, esenciais para o seu benestar psicolóxico e emocional. Na sección 4 deste repositorio explorarás como as ferramentas e recursos dixitais poden proporcionarche espazos para fomentar a colaboración entre o alumnado e profesorado.


A OCDE ([Organización para la Cooperación y el Desarrollo Económico](#)) suxire tamén establecer canles de comunicación entre todo o persoal da comunidade educativa dun ou diferentes centros para compartir o coñecemento adquirido. Isto pode ser especialmente interesante entre institucións con visións educativas semellantes.

Ser flexible

A educación é un ámbito onde as cousas cambian constantemente: desde a comunidade coa que tratamos, que se renova moi a miúdo (claustro, alumnado, familias...), ata a necesidade de manter o paso dos cambios que impón a sociedade.

Alén deste cambio inherente, a diversidade do equipo tamén vai introducir máis variables: personalidades variadas, circunstancias ou contextos cambiantes, etc.

A flexibilidade permitirá entender que aínda que poidan xurdir conflitos, estamos embarcados/as nun proceso de aprendizaxe conxunta. Non fai falta que esteamos sempre de acordo en todo, hai espazo para o diálogo construtivo, a disensión e a saída da nosa zona de confort.



Crear espacio para a aprendizaxe

Hai moitas razóns polas que decidimos constituír un equipo, pero unha das máis poderosas é a mesma pola que lle pedimos ao noso alumnado tarefas colaborativas: fomenta a curiosidade e a aprendizaxe social. Do mesmo xeito, nun equipo eficiente, provese un espazo seguro para o desenvolvemento no que se permite cometer erros, asumir riscos e preguntar todo o que sexa preciso.

Establecer un clima de confianza

Os e as integrantes dun equipo confían uns nos outros e nas outras. Cando hai conflito, xestiónase. A existencia da figura da persoa facilitadora ou mediadora pode axudar enormemente a monitorizar e acompañar os desacordos.

Para que haxa esa confianza, ten que haber compromiso por parte das persoas integrantes e un proceso de toma de decisións compartido. Nun equipo eficiente non deberíamos ver a réplica de patróns e estruturas da sociedade xeral (discriminacións, nesgos ou prexuízos).

Usar os recursos ao noso dispor

Indo alén do propio centro, unha proposta consiste en mobilizar os “activos de educación” cos que contan os centros educativos e, por extensión, as vilas, cidades... Fernando Trujillo (2018)¹ define como **activos educativos** “todos aqueles factores que promoven a aprendizaxe dos individuos, comunidades e poboacións”.

1 Trujillo Sáez, F. (2018). Activos de Aprendizaje. Utopías educativas en construcción. Madrid: SM/ Biblioteca de Innovación Educativa.